Dependencia
CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela
77.- TMARE

Sello o Certificación Mecánica

CONCELLO DE SANTIAGO

| Documento | Expediente | Fecha |
| --- | --- | --- |
| CMG11I0PJ | CON/41/2016 | 12-04-17 14:12 |

Número 8 .- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato de "Obras de aplicación de medidas correctoras para o Estadio Municipal de San Lázaro segundo estudo integral de patoloxías Fase I e II".

Destinatario

15078DCMG11I0PJH

A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión extraordinaria - urxente que tivo lugar o día 12 de abril de 2017 adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 8 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE MOCIDADE, DEPORTE E BENESTAR ANIMAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE "OBRAS DE APLICACIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS PARA O ESTADIO MUNICIPAL DE SAN LÁZARO SEGUNDO ESTUDO INTEGRAL DE PATOLOXÍAS FASE I E II".**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta, de data 24 de marzo de 2017, da concelleira delegada de Mocidade, Deporte e Benestar Animal. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, de data 5.4.17.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Noa Morales Sánchez,** concelleira delegada de mocidade, deporte e benestar animal, e presidenta da mesa de contratación, da licitación "*Obras de aplicación de medidas correctoras para o Estadio Municipal de San Lázaro segundo estudo integral de patoloxías Fase I e II*", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**



CONCELLO DE SANTIAGO * Praza do Obradoiro s/n * 15705 * Santiago de Compostela * Tel. 981 542 300 * www.santiagodecompostela.org

Primeiro: Con data 9 de marzo de 2017, celébrase a mesa de contratación na que se acorda que a oferta máis vantaxosa das presentadas é a do licitador CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL.

Segundo: Con data 21 de marzo, celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

**PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas ORECO SA, UTE O3 SERVICIOS Y CONTRATAS SL - PINTURAS, RESTAURACIONES Y REVESTIMIENTOS SL e ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, por manter a súa consideración como anormais ou desproporcionadas, unha vez analizada a documentación xustificativa aportada en trámite de audiencia.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL (CIF: B36052876), por un importe de **402.358 euros** (IVE aparte 21%: 84.495,18 euros), ó ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **050 93302 63200**."

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

**PRIMEIRO:** Rexeitar as ofertas presentadas polas empresas ORECO SA, UTE O3 SERVICIOS Y CONTRATAS SL - PINTURAS, RESTAURACIONES Y REVESTIMIENTOS SL e ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA, por manter a súa consideración como anormais ou desproporcionadas, unha vez

analizada a documentación xustificativa aportada en trámite de audiencia.

**SEGUNDO:** Adxudicar o contrato de **"Obras de aplicación de medidas correctoras para o Estadio Municipal de San Lázaro segundo estudo integral de patoloxías Fase I e II"**, a favor da empresa CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL (CIF: B36052876), por un importe de **402.358 euros**, (IVE aparte 21%: 84.495,18 euros), ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas.

Desígnase como responsable do contrato a D. Diego Briega Argomániz, arquitecto municipal.

O gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 050 93302 63200.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo:Xan Xesús Duro Fernández